


ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A. e da A.E.A.) · Outubro - Novembro - Decembro 2007]



17º CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" 2007

Falamos de
- Che Guevara
- A saúde laboral de MEGASA
- O "Ferrol da Ilustración" candidato a Patrimonio da Humanidade

A.I.F.A.
- Xunta directiva en Asunción (Paraguai)

Artigos
- A illa e mar da Marola
  por Juan J. Burgoa

nº 29

E ademais SERVIZOS, BREVES, CONVOCATORIAS ...
e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE



Ferrol
unha boa alternativa

Arte, ocio e deporte, manifestacións relixiosas, música, folclore e festas populares... O encanto das súas rúas, a arquitectura da Ilustración, a beleza das súas paisaxes naturais e a variada oferta cultural e de ocio, fan de Ferrol algo máis que unha boa e interesante alternativa.

Variétés

O centro cultural Torrente Ballester acollerá durante o vindeiro cuatrimestre unha programación cultural que conxugará orixinalidade e frescura.
Recuperando o concepto de "Varietés"; entrada que no diccionario aparece definida como "espectáculo de variedades" queremos ofrecer unha proposta que se defina por iso; pola grande variedade.
Danza contemporánea; cabaré; novo circo; concertos, recitais, músicas do mundo, rock, e unha morea de novas propostas para dar comezo á efervescencia cultural.
Porque queremos facer deste Centro Cultural un novo fervedoiro, un ruxe ruxe de actividade, o inico dunha nova marcha, a noite efervescente.
Por iso, e dende o 1 de septembro ata o 29 de decembro o antigo hospital convertirase todos os sábados dende as 22:30 no epicentro da gravidade cultural alternativa.
A noite efervescente ferrolá!

Todos os sábados
22:30 h
Centro Cultural
Torrente Ballester
Ferrol

septembro

1 de septembro SIFONAZO DE SAÍDA

Bluesmakers blues
Cabaré Compañía Femme Fatale
Os Chiviñas Charanga

8 de septembro GLAMOUR EFERVESCENTE
Detour "Jazz de Confiansa"

15 de septembro CABARÉ EFERVESCENTE
El show de Gabriella Sacaúntos

22 de septembro DANZA EFERVESCENTE
EntreCaixas Danza Contemporánea

29 de septembro Grande Varieté THE CROONER SHOW
Diego Burián "In-Sólitos" Showman
Les Enfants Terribles Música de cinema
+artistas Convidad@s

outubro

6 de outubro POESÍA EFERVESCENTE
María Lado e Lucía Aldao
"Onde se poña un cubata que se quite un soneto"

13 de outubro POP EFERVESCENTE
Sevigny

20 de outubro CIRCO EFERVESCENTE
As Sircópatas Chusmi+Dani+Nikin

27 de outubro Grande Varieté: MACHINTOSH
Los Tigres del Cañotas Rock Machito
Johan Sindel Pop-Rock
Yoni Medigramo
Bufón Urbano

novembro

3 de novembro
PANDEIRO EFERVESCENTE
O Tear de Llerena
Pandereteiros

10 de novembro
JAZZ EFERVESCENTE
Standar Jazz Trío

17 de novembro
BOSSA EFERVESCENTE
Renato Specer &
Café Caxaça

24 de novembro
Grande Varieté
LAS FELLINI
+artistas locais
Transformismo

decembro

1 de decembro CORDA EFERVESCENTE
Saiva Nova

8 de decembro VOZ EFERVESCENTE
Tino Baz Cantautor

15 de decembro GRUNGE EFERVESCENTE
Sweet Obliviom Band


22 de decembro GRANDE VARIETÉ
A Lotería Nacional

29 de decembro GRANDE VARIETÉ
Festa fin de ano


Concello de Ferrol
CULTURA



SUMARIO



ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN

Nº 29

Outubro-Novembro-Decembro
2007

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS, CABECEIRAS, E REALIZACIÓN
Ateneo Ferrolán, Leandro, Juan de la Fuente

COLABORACIÓNS
Cruz Martínez Vilas, J.J. Presedo, Pablo Torneiro, Beatriz Picos, Juan J. Burgoa, Pablo Devigo, Iria Hevia, Arantxa Serantes, Eliseo Zaera Ríos.

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, CENTRAL LIBRERA, RECINOR. CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, CONCELLO DE FERROL, CULTURA.

TEMOS LOTERIA DE NADAL

PARTICIPACIÓNS DE: 2,50 • + 0,50 • (colaboración) = 3 •

Nº 72980



EDITORIAL

Sintonía, colaboración, diálogo permanente, aberto, funcionamento ó unísono da administración, os xestores elixidos para dirixir a "cousa pública" e á cidadanía máis ou menos organizada en grupos, asociacións, entidades que en definitiva reflicten as sensibilidades da nosa plural sociedade.

Un longo parágrafo de grandes aspiracións e definición sintetizada dunha utopía social que non hai que rexeitar e si perseguir.

Pero na aterraxe obrigada para avanzar no terreo da realidade e das resolucións prácticas é necesario facer, TODOS e TODAS, unha profunda análise para chegar a ter diante unha diagnose o máis pragmática e axustada posible.

Diante desa visión e diagnose, dous pasos obrigados:

- DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS

e

- PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA.

Previamente a estes dous pasos obrigados e imprescindibles, quen teñen a responsabilidade de "patronear" as inquedanzas culturais da cidadanía, pois de iso estamos a falar, teñen a obriga de facer os esforzos necesarios para acadar un COÑECEMENTO suficiente e unha VALORACIÓN rigorosa DO QUE EXISTE, para poder avanzar con eficacia nos pasos sinalados.

Soporte e estructura para canalizar, impulsar e levar a bo porto os obxectivos e a planificación que se estableza debería ser o PADROADO DA CULTURA, da CULTURA, con maiúsculas e con todo o que abrangue. Padroado que non existe na cidade, que entendemos hai que definir e CREAR dende cero, superando, para ben, as indefinicións, limitacións e dificultades do que se viña denominando "Padroado das artes escénicas e musicais".

A ese PADROADO DA CULTURA DE FERROL atrévome a ofrecerlle un lema:

"AUTOESTIMA, POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO NOSO" e unhas pautas de comportamento:

· Estímulo e apoio ás especificidades de cada colectivo ou entidade.

· Non intromisión na liberdade dos grupos, asociacións, etc..

· Non capitalización política de iniciativas ou programas culturais/sociais das Entidades. (De iso sabemos algo nesta casa)

Apoiémonos nos valores positivos, que temos moitos, e comprometámonos a ir pouco a pouco, pero teimudamente, eliminando envexas, rancores, raquitismos mentais e outras fraquezas humanas que tamén temos.

Ateneo Ferrolán


MORREU ANTONIO GARCIA PARDO,
o noso Tono da Graña,
o pasado 29 de agosto.
Fillo de Pacucha e Tono *o Barbeiro*.

Para que tod@s saiban o que o botaremos en falta *in aeternum*. Para que tod@s saiban que tivo amigos e do outro; que soubo saber e querer a súa particular maneira –His way–; que con el reviviron todos os boleros menos o ... *pudo haber sido y no fue.*


Antonio nunca tivo a tentación de arrepentirse despois.

Até sempre *comendatore*!

NOVAS INCORPORACIÓNS



***A TENENCIA*. Revista cultural de estudios locais. Nº 3**
Ed. Agrupación Instructiva de Caamouco
D.L.: C 1223-93



***CÁTEDRA*. Revista eumesa de estudios. Nº 14**
Ed. Concello de Ponteudeume
ISNN: 1133-9608



***PARAÍSO*. Revista da rede galega de teatros e auditorios. Nº 2**
Ed. Xunta de Galicia - IGAEM
ISSN: 1887-8164



Panorama de libros *MERCURIO*.
Ed. Fundación José Manuel Lara
ISSN: 1139-7705



***ADRA*. Revista dos socios do Museo do Pobo Galego. Nº 2**
Ed. Museo de Pobo Galego
ISSN: 1886-2292

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos

QUEREMOS AGRADECER ÁS SEGUINTES PERSOAS E INSTITUCIÓNS AS IMPORTANTES DOAZÓNS EFECTUADAS PARA A NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA:

Carlos Aracil, Ministerio de Defensa, Arquivo Naval de Ferrol, Fundación Pedro Barrié de la Maza



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA

PRENSA DIARIA
local, nacional e estatal

Diario de Ferrol

La Voz de Galicia

De Lunsavenres

La Opinión de A Coruña

El Correo Gallego

Galicia Hoxe

A Nosa Terra


El País

El Mundo


Público

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.


Os usuarios e as usuarias da BIBLIOTECA tamén poden consultar os nosos fondos bibliográficos na seguinte dirección:
www.opacmeiga.rbgalicia.org




Patiño y las reformas de la administración en el reinado de FelipeV
Carlos Pérez Fernández-Turégano
Ed. Ministerio de Defensa
ISBN: 84-9781-267-0



Diurnal (seguido de Diccionario de soños)
Santiago Agrelo Martínez
Follas Novas Edicións
ISBN: 978-84-85385-37-9



Lugrís Vadillo
Pedro Vasco Conde
Ed. Deputación Provincial de A Coruña
ISBN: 84-9812-056-X



Jenaro Pérez Villaamil. Exposición antolóxica. Óleo e debuxos
Ed. Concello de Ferrol
D.L.: LU 325-2007

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

FILMOTECA

que conta hoxe con máis de 500 títulos... e sigue a medrar!



HISTORIAS DA NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA

30 ANOS DE HISTORIA (2)

Continuando cos acontecementos que forxaron a nosa Biblioteca-Hemeroteca que hoxe temos, neste número de Atenea toca unha "historia da hemeroteca".

Formar unha hemeroteca como a que posúe o Ateneo Ferrolán, e en consecuencia toda a cidadanía, requiriu –desde sempre– un notable esforzo, dedicación e vontade por parte de todos e todas.

Desde os seus inicios o Ateneo Ferrolán estableceu relacións con todo tipo de institucións e personalidades que de diversas maneiras deron o seu apoio.

Unha desas grandes personalidades que pasaron polo Ateneo Ferrolán foi o hispanista francés **GÉRARD BREY**, que en 1980 pronunciou unha conferencia sobre: *"O movemento obreiro en Ferrol no S. XIX"*.

A través del e dos seus coñecementos, o Ateneo Ferrolán ponse en contacto co **Internatonaal Instituut voor Sociale Geschiedenis de Amsterdam.**


Este Organismo é o Instituto Internacional de Historia Social (IISG) fundado en Amsterdam en 1935 por Nicolaas Posthumus, para localizar e conservar todos os documentos da historia dos movementos sociais. Hoxe en día, é un dos maiores centros de documentación do mundo, e edita, en colaboración coa Universidade de Cambridge a "Revisión internacional dos diarios da historia social", ademais de "Istorija de Social'naja", "Economische Geschiedenis de Sociale del voor de Ezhegodnik", etc. ...

A nosa relación con eles foi excelente, como se pode ver na correspondencia mantida, con data de 1980-1981 (como podemos ver na imaxe superior).

O motivo foi, que nesa importante institución holandesa, había unha parte da nosa historia.

No IISG gardaban copia do periódico **"El Obrero"**, un dos máis importantes **editados en Ferrol**, e fundamental para coñecer o movemento obreiro.

Daquela historia quedounos como recordo unha copia de"**El Obrero**", da cal dispón hoxe en día o Ateneo Ferrolán e a súa hemeroteca, e que segue a ser consultada por numerosos investigadores.



Internationaal Instituut voor Sociale Geschiedenis
International Institute of Social History
Institut International d'Histoire Sociale
Internationales Institut für Sozialgeschichte

Directie: Drs. J. R. van der Leeuw

KABELWEG 51
1014 BA AMSTERDAM
NETHERLANDS
TELEPHONE: 020-843695

TD/ls

Amsterdam, le 16 septembre 1981

Ateneo Ferrolan
Sr.Fd. Luis Mera Naveiras
Apartado, 303
Ferrol
Espana

Cher Monsieur,

Nous avons bien reçu votre lettre ainsi que le chèque de ƒ 20,-. J'ai aujourd'hui passé El Obrero (Ferrol, 1890-1892, nrs. 3,6-8,10,15, 33,41,42,44,97,98,116) à l'atelier photographique, et vous en recevrez bientôt des xérox copies.

Si vous êtes intéressé à recevoir d'autres périodiques parus à Ferrol, je vous prie de consulter l'article dans le numéro 2-3 de 'Estudios de Historia Social', où Marta Bizcarronda a donné une énumération de nos fonds de périodiques espagnols.

J'aimerais vous avertir qu'il serait meilleur marché de commander un microfilm au lieu de xerox ou photocopies (prix respectifs: ƒ 0.15 par shot, ƒ 0.35 - ƒ 0.50 la pièce, selon format, et ƒ 0.75 - ƒ 1.50 la pièce). Si, cette fois, j'ai choisi pour les xerox copies, c'est que l'appareil pour le microfilmage n'est pas encore installé à cause du déménagement de l'IISG à son nouvel édifice.

Salutations cordiales,

Thea Du[illegible]ker,
section espagnole.



Sede da Internatonaal Instituut voor Sociale Geschiedenis de Amsterdam.

PROXECTO "RECONTO DE MEMORIAS"



- ✓ O ATENEO FERROLÁN ten o proxecto de recuperar e conservar a memoria "fotográfica" das familias.
- ✓ Contamos xa cun importante fondo documental e querémolo ampliar con este proxecto RECONTO DE MEMORIAS.
- ✓ Convocámoste para que aportes as fotografías do Álbum familiar e contes a historia da túa familia.
- ✓ A cultura popular necesita conservar todas as memorias familiares, este é o primeiro obxectivo importante.
- ✓ En breve tempo anunciaremos os detalles de traballo deste obradoiro de recolleita de fotografías e historias.

¡ ESPERAMOS QUE VOS APUNTEDES A RECONTO DE MEMORIAS !

CHE SEMPRE CHE

NO 40 ANIVERSARIO DO SEU ASASINATO EN TERRAS BOLIVIANAS. ASÍ TE LEMBRAMOS, COMANDANTE, COA ESTRELA NA BOINA E O PORVIR NA MIRADA.



Homar Garcés
Rebelión

Isto díxoo magnificamente Eduardo Galeano en 2004: "Por que será que o Che ten este perigoso costume de seguir nacendo? Canto máis o insultan, manipúlano, traizóano, máis nace. El é o máis *nacedor* de todos. Non será porque o Che dicía o que pensaba? E facía o que dicía? Non será por iso que segue sendo extraordinario, nun mundo onde as palabras e os feitos moi de cando en cando atópanse, e cando se atopan non se saúdan, porque non se recoñecen?"

Transcorreron catro décadas do seu asasinato nunha humilde escola de Bolivia e todas as pretensións por trivializalo, facendo da súa imaxe unha icona pop aparentemente inocua, resultaron inútiles, aínda cando o seu ideario político socialista permaneceu –nalgúns casos– anulado pola súa imaxe guerrilleira. Non obstante, do Che Guevara hai moitas leccións que extraer, especialmente no atinente á súa persoa como parte fundamental da vangarda revolucionaria de Cuba, tanto na súa etapa insurreccional como na etapa posterior de goberno e de construcción da nova sociedade na súa transición cara ao socialismo. Quizais niso, no seu pensamento crítico, rebelde e renovador, estriba a permanente presenza do Che.

Internacionalista, antiimperialista, radicalmente socialista, humanista, arriscado ata desprezar a morte, antiburocrático, solidario e dotado de profundos sentimentos de amor cara á humanidade, Ernesto Che Guevara foi un impulsor decidido e modelo do home novo que deberá emprender o tránsito ao socialismo, dominando simultaneamente a técnica e a ciencia coas cales romper a perniciosa dependencia coas nacións capitalistas industrializadas., en especial, con Estados Unidos.

«Internacionalista, antiimperialista, radicalmente socialista, humanista, arriscado ata desprezar a morte, antiburocrático, solidario...».

Foi un dos que detectou e criticou as anomalías e contradiccións do sistema económico socialista implantado na Unión Soviética e demais nacións baixo a súa órbita imperialista, cuestión que derivou nun interesante debate con quen defendían dito sistema, o cal sería de moito proveito repasar e estudiar á mantenta da tendencia revolucionaria neosocialista que percorre á nosa América e ten o seu epicentro en Venezuela. Neste sentido, para o Che "a revolución non é, como pretenden algúns, unha estandarizadora da vontade colectiva, da iniciativa colectiva, senón todo o contrario, é unha liberadora da capacidade individual do home".

Che foi un acucioso observador da realidade imperante na nosa América, habéndoa percorrido en gran parte desde os seus tempos xuvenís, contrastándoa coas súas lecturas iniciais e o accionar dos movementos políticos que se dicían entón revolucionarios. Isto permitiulle comprender a necesidade imperioso do poder para facer a revolución tantas veces postergada e traizoada. "O poder –segundo o expresado por el en 1962 en *Táctica e estratexia da revolución latinoamericana*– é o obxectivo estratéxico *sine qua non* das forzas revolucionarias e todo debe estar supeditado a esta gran consigna". Ata o triunfo –armas en man– da revolución cubana, a maioría destas forzas contentáronse con alcanzar algunhas reformas parciais, lexitimando así a orde burguesa existente. Sen negar do todo a vía electoral, o Che cría que *"a misión dos dirixentes e dos partidos é a de crear todas as condicións necesarias para a toma do poder e non converterse en novos espectadores da onda revolucionaria que vai nacendo no seo do pobo"*. Tal tarefa debera cumprirse en todo momento en sintonía coas masas, sen que iso significase un avasallamento nin unha manipulación, menos unha desconfianza en relación ás súas capacidades, xa que, pola contra, a revolución dexeneraría nunha caricatura, ocasionando frustracións e retrocesos históricos imperdoables.

Por todo iso (e máis), o Che sempre será o Che. A frescura e rebeldía da súa convicción socialista, ademais da súa actuación solidaria e internacionalista en contra do imperialismo onde queira que este estivese, logran que transcenda –sempre– o limitado marco referencial a que o someten quen só se contentan con evocalo de cando en vez.

En beneficio da revolución que haberá de abarcar a extensa xeografía da nosa América e, por que non, tamén do mundo, a súa presenza permanecerá sempre. 

TRANSMITIR ARQUITECTURA DE "EMISIÓN CERO"

DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA 2007

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

1 de outubro de 2007

CARLOS HERNÁNDEZ PEZZI,
presidente do Consejo Superior de Colegios de Arquitectos de España

O día 1 de outubro de 2007 celébrase o Día Mundial da Arquitectura baixo o lema *Transmitir arquitectura de "emisión cero"*. A conmemoración pon o énfases no feito de que a construcción ten unha responsabilidade esencial na producción de Gases de Efecto Invernadoiro GEls que se emiten á atmosfera como consecuencia do proceso edificatorio que, entre 1987 e 2000 aumentou a superficie de solo artificial en España ata un 2,1 por cento do total, cun incremento dun 29%, o que supón un ritmo de crecemento de 2ha/hora. Esa cifra implica unha estimación lineal de crecida a 2010 de ata 1.239.059 e un índice de 152% respecto de 1987 da ocupación do territorio.

Nos dous últimos anos elaboráronse e dictáronse normas que ralentizarán o aumento de emisións, dentro da Estratexia Española de Aforro e Eficiencia Enerxética 2004-2010 e o seu Plan de Acción 2005-2007 (E4). O Plan de Enerxías Renovables, dos Plans Nacionais de asignacións PNA, o Plan Nacional de Reducción de Emisións e o Código Técnico da Edificación, son as ferramentas principais para afrontar este problema ata o ano 2012. Los GEls aumentaron un 48,5% desde 1990. Se non innovamos rápido será difícil reducir as emisión que se prevén un 52,64% máis altas entre 2008 y 2012. Un cambio de cultura na calidade de vida deberá comprometer a toda a sociedade.

Os arquitectos podemos e debemos contribuír a diminuír esas cifras, que non só se basean no consumo de cemento e aceiro, senón que se reflicten no consumo de recursos non renovables, como o solo. Hai tamén unha producción inxente de residuos que haberán de minimizarse e controlarse mediante fórmulas avanzadas de reutilización e reciclaxe, baixando as facturas en mantemento, creando sumidoiros de GEls e limitando o consumo de recursos naturais. Á vez que optimizamos os balances da eficacia enerxética e a proporción das enerxías renovables na edificación.

Transmitir arquitectura é a función primixenia do oficio dos arquitectos. A arquitectura é o noso patrimonio habitable: Crealo, transmitilo e conservalo o mellor posible é a nosa tarefa profesional máis importante, o noso reto contemporáneo e coas futuras xeracións. Pero transmitir arquitectura non só afecta á técnica de construír; ten tamén unha obrigación respecto da comunicación, pois non podemos transmitir arquitecturas que despilfarren recursos, linguaxes e formas a calquera prezo e multipliquen o impacto sobre o medio ambiente. E tamén, aflora unha responsabilidade social a favor das boas prácticas, da reducción do problema da vivenda, da mellora da prevención de riscos, a reducción dos accidentes laborais e fomentar o impulso á investigación. Transmitir valores tamén consiste en reducir emisións socialmente contaminantes.

Pódese dicir que non existe a arquitectura de emisión cero, pero o noso traballo consiste en ideala, en innovar para inventala, para facela posible. Non podemos conformarnos coas normas e regulamentos que xa nos esixen un esforzo de aforro extraordinario. Nesta década, mellorar o deseño pasivo para o aforro enerxético estará unido a pensar a arquitectura de menor impacto contaminante, axudar co urbanismo a reducir a mobilidade insostible, incentivar outros factores do territorio e corrixir os impactos que produce a construcción da arquitectura, para que esta sexa cada vez máis saudable. Co CTE, cos planeamentos sostibles e coa participación social.

Semellante esforzo non é unha cuestión de indicadores ou de palabras. Non é unha cuestión de cifras e normas. O proxecto debe ser un instrumento creativo desde a orixe. Un documento arquitectónico debe saber reducir o seu impacto, baixar o seu costo ambiental e o seu mantemento, facer mínimas a emisión de gases de efecto invernadoiro, provocar a menor contaminación lingüística e formal: evitar o despilfarro ambiental de deseños irresponsables ou despilfarros de recursos é un valor ético dos arquitectos. Trátase dunha cuestión de criterio e convicción na nosa capacidade para que a arquitectura cumpra os seus obxectivos e ser patrimonio vivo da humanidade que a habita.

«Temos que asumir que o noso traballo debe axudar á reducción da fatiga ambiental e as súas secuelas».



Obxecto
«**V**oador»
Non
Identificado
en
Mugardos

GALICIA.-UN ARTEFACTO CON PÓLVORA DE FEIRA ESNAQUIZA UN CONTEDOR E DANA DÚAS VIVENDAS CERCA DE REGANOSA EN MUGARDOS (A CORUÑA).

O ALCALDE, O NACIONALISTA XOSÉ FERNÁNDEZ BARCIA, O VINCULA «A PROTESTAS DOS CIDADÁNS» E ASEGURA QUE OS OPOSITORES A REGANOSA «ESTÁN CREANDO UN CLIMA DE TERROR».

TELETIPO EUROPA PRESS 25-09-07

FERROL, 25 (EUROPA PRESS)
Un artefacto de fabricación caseira explotou no interior de un contedor de vidro situado no lugar de Os Novas - Mehá, no municipio de Mugardos (A Coruña) nun incidente ocorrido ás 3:10 horas desta madrugada.

A explosión produciuse á altura do quilómetro 9,100 da estrada Cabanas-Mugardos, nas inmediacións da planta de gas de Reganosa, situada no lugar de Mehá, segundo informaron fontes da Garda Civil a Europa Press.

O contedor de vidro quedou completamente destruído e os seus restos, espallados nun radio de 60 metros. Como consecuencia da onda expansiva, víronse afectadas dúas vivendas, que sufriron diversos danos, que consistiron na rotura de cristais, portas e ventás.

Ao lugar dos feitos chegou pouco despois do incidente un equipo de investigación de explosivos da Garda Civil, que procedeu á inspección do lugar. As primeiras hipóteses apuntan a que podería tratarse dun artefacto de «fabricación caseira», composto con «pólvora de feira».

INVESTIGACIÓN. A Benemérita despregou un dispositivo para levar a cabo unha completa investigación dos feitos. De momento, continúan as pescudas encamiñadas a esclarecer o sucedido e a súa autoría.

A Garda Civil de Mugardos rexeitou realizar máis consideracións sobre o incidente así como aportar información sobre o acontecido mentres continúen as investigacións.

Un portavoz de Reganosa, negou, en declaracións a Europa Press, que se producira algún tipo de incidente no interior da instalación e sinalou que a planta de gas que se sitúa no núcleo de Mehá, dentro da ría de Ferrol, funciona con «total normalidade».

TEMA PREOCUPANTE. O alcalde de Mugardos, o nacionalista Xosé Fernández Barcia atópase de viaxe desde o domingo e non está na localidade. Aínda así, despois de coñecer o sucedido esta madrugada, explicou a Europa Press, que se trata de «un tema bastante preocupante», que vinculou «ás protestas cidadáns contra Reganosa».

Así, Fernández Barcia mostrou a súa preocupación ante un incidente que cre que demostra «que a espiral de violencia está collendo cada vez máis campo», polo que avanzou que, ao seu xuízo, «debérase cortar con isto de raíz». Por iso, o rexedor desta localidade afirmou que «se non estivesen esas protestas aí non pasaría nada», en referencia ao peche cidadán que desde hai dous meses protagonizan veciños e veciñas de Mehá dentro do Concello de Mugardos, para mostrar a súa oposición a Reganosa.

En opinión do alcalde, chegou o momento de «falar» desde o goberno local cos veciños. Así, asegurou que «ou ben se abandone o peche de forma pacífica, ou ben llo pediremos á Delegación do Goberno». O rexedor nacionalista concluíu que se está creando «un clima de terror que non ten porque existir».

O rexedor nacionalista concluíu que se está creando «un clima de terror que non ten porque existir».

PECHE. Veciños e veciñas de Mugardos protagonizan desde hai más de **dous meses**, un peche na casa consistorial da localidade, para reclamar información sobre o plan de emerxencia exterior de Reganosa e para solicitar que a instalación non entre en funcionamento comercial.

Os veciños, afectados pola proximidade da instalación, **dubidan da legalidade da planta de gas**, porque consideran que non está á distancia esixida ás vivendas e que non pode acreditar a saída de emerxencia dos buques gaseiros.

As protestas dos veciños contra a planta de gas están apoiadas polo **Comité Cidadán de Emer-**

xencia da Ría de Ferrol que, **desde hai oito anos**, oponse á ubicación de Reganosa en Mugardos, dentro da ría, e pide o seu traslado ao Porto exterior. Na actualidade, reclaman que a instalación non obteña a autorización de funcionamento definitiva, xa que opera en fase de probas desde o pasado 9 de maio, data desde a que recibiu a descarga de gas natural licuado de 7 buques metaneiros.

20.000 EUROS POLO PECHE. Pola súa parte, o Concello cifrou en máis de 20.000 euros o gasto de mantemento, tanto en electricidade como en tarefas da policía local, que supón o peche.

Ademais, para o **domingo 30 de setembro**, os membros do Comité Cidadán convocaron unha manifestación, que sairá desde o porto de Ferrol ás doce da mañá, coa que reclamarán o traslado de Reganosa ao porto exterior de Caneliñas, fóra da ría.



FACEMOS SEGUIR NOTA DE PRENSA EMITIDA POLO COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA PARA A RÍA DE FERROL SOBRE A EXPLOSIÓN EN MUGARDOS.



O Comité Cidadán de Emerxencia a raíz da forte explosión que tivo lugar ás tres da madrugada do 25 de setembro, no lugar de A Pedreira (Mugardos), nun contedor de vidro situado dentro do recinto do aparcadoiro da Escola Unitaria de "Os Novas", fai público este comunicado:

Dita escola unitaria de Os Novas, sendo unha dependencia municipal, leva anos a ser usada para as reunións dos veciños de A Pedreira e desde o ano 2000 pola propia Plataforma de Veciños O Cruceiro de Mehá. En moitas desas reunións participaron membros do Comité Cidadán de Emerxencia en distintos momentos para a presentación de alegacións aos proxectos de Reganosa.

A explosión nese contedor ten como vítimas inmediatas a veciñanza afectada e as súas vivendas. Tamén, temos claro que son vítimas directas os veciños da Plataforma O Cruceiro de Mehá que soe utilizar a escola unitaria de Os Novas e que levan desde o 23 de xullo pechados no Concello de Mugardos, coa clara oposición do seu alcalde, reclamando varias entrevistas coas autoridades para que non sexa autorizada a entrada en funcionamento de Reganosa.

A 50 metros do contedor estoupado está un coñecido Mesón de Comidas, que desde o 23 de xullo ten levado varias veces víveres aos veciños pechados na Casa do Concello.

O contedor estaba situado a 600 metros dos tanques de Reganosa, non afectándolle obviamente nin a onda expansiva nin o ruído da explosión, porque neses 600 metros está o núcleo de poboación de A Pedreira.

Manifestamos polo tanto:

1. Para cos veciños directamente afectados e cos compañeiros e compañeiras da Plataforma de Mehá, a nosa máis fonda solidariedade.

2. A nosa máis absoluta condena por este feitos e o noso desprezo para cos autores do artefacto.

3. Que saiban estes últimos que non nos intimidan as ameazas. Tras oito anos de loita cívica contra a ameaza que supón a planta de gas de Reganosa para a vida dos cidadáns, así como para a riqueza marisqueira e patrimonial da ría de Ferrol, este Comité non vai cesar na súa loita no marco do Estado de Dereito na defenda da legalidade vixente. A todos convocamos á manifestación do día domingo 30 de setembro, ás doce no porto de Ferrol.

4. Rexeitamos as declaracións de aqueles que durante anos deron mostras de complicidade coas ilegalidades de Reganosa, instrumentalizando este feito para confundir á opinión pública, coa sucia pretensión de deslexitimar a loita democrática dos cidadáns, e deste Comité.

5. Solicitamos ao Sr. Delegado do Goberno en Galicia, a maior dilixencia para que as forzas e corpos de seguridade esclarezan os feitos, deteñan aos seus responsables e os poñan a disposición dos Tribunais de Xustiza.

MENTIRAS NUNCA MÁIS!
PLANTA DE GAS FÓRA DA RÍA!



«A nosa máis absoluta condena por este feitos e o noso desprezo para cos autores do artefacto».



A SAÚDE LABORAL DE MEGASA, A ANÁLISE

A SAÚDE LABORAL DE MEGASA, A ANÁLISE

No vindeiro mes de outono celebrarase o xuízo contra Megasa, polo accidente laboral acontecido en 1996 e que rematou coa vida dun traballador. A viúva do empregado reclámalle á empresa metalúrxica de Narón (A Coruña) e a dúas compañías auxiliares unha prestación complementaria.

A familia do empregado de Remonsa, compañía auxiliar da metalúrxica, reclama que se recoñeza a culpabilidade da empresa no accidente, a ausencia das suficientes medidas de seguridade, o que conlevaría un aumento nas prestacións concedidas. O suceso de hai once anos garda unha gran similitude co accidente que o pasado domingo día 12 acabou coa vida do veciño de Fene Iván Arnoso López. Nos dous casos os traballadores faleceron atropelados polas pas que se utilizan para cargar a chatarra e introducila nos fornos. Tamén en ambas as dúas circunstancias as pas carecían de sinais luminosos e acústicos adecuados, segundo denuncia a CIG. En relación con este tema, a Confederación Intersindical Galega demanda o cumprimento estrito do Plan de Prevención de Riscos Laborais en Megasa. Para o sindicato nacionalista, na empresa de Narón confúndese a área de traballo cos espazos para o descanso. Ademais utilízanse carretillas sen espellos retrovisores exteriores e sen sinais acústicas audibles. Segundo o secretario comarcal da CIG Xesús López Pintos, as condicións laborais non melloraron dende hai once anos ata a actualidade.

O xuízo terá lugar o vindeiro 30 de outono ás 12 da mañá no Xulgado do Social de Ferrol. O traballador veciño de Cabanas, José Antonio Barro Liste, faleceu arrolado por unha pa o 11 de xuño de 1996. A familia demanda agora ás empresas Megasa, Fernagui e Remonsa como responsables das escasas medidas de seguridade.

As vítimas mortais por accidentes laborais en Galicia aumentaron durante o primeiro semestre do 2007 un 16% respecto ao mesmo período do ano anterior. A comunidade rexistrou un total de 50 falecidos, dos que 38 producíronse durante a xornada laboral e o resto en traxectos «in itinere» (de casa ao traballo e viceversa).

A cifra de mortos no traballo aumentou este ano en Galicia un 16%

En canto ao total de accidentes laborais, a cifra aumentou na autonomía nun 10%. En total, contabilizáronse 27.815 contratempos con baixa, 2.678 máis que entre xaneiro e xuño do ano anterior, segundo datos do último Boletín de Estatísticas Laborais do Ministerio de Traballo. Os datos converten á comunidade na quinta de España en número de incidentes, só superada por Andalucía (88.996), Cataluña (87.013), Madrid (76.311) e a Comunidade Valenciana (52.049).

Si houbo un descenso, en cambio, no número de feridos de consideración, que diminuíu nun 6,1%, desde os 525 do 2006 até os 493 deste ano, 446 deles durante a xornada laboral. Pontevedra volveu a ser a provincia que rexistrou un maior número de accidentes, 11.735, seguida de A Coruña, con 11.116; Lugo, con 2.617, e Ourense con 2.347.

Polo contrario, no resto de España, os datos son máis alentadores. O número de accidentes que requiriron baixa descendeu un 4,1%, 21.268 contratempos menos que no 2006, o que deixa unha cifra no que vai de ano de 510.302.

O sector que presentou un maior índice de sinistralidade laboral foi o de servizos, con 183 falecidos; seguido da construción, con 138; a industria, con 74, e o agrario, con 24.

PATRIMONIO DA HUMANIDADE

O FERROL DA ILUSTRACIÓN E A TORRE DE HÉRCULES, CANDIDATURAS GALEGAS

A Listaxe do Patrimonio Mundial elaborada pola UNESCO recolle os bens de tipo cultural e de tipo natural que posúen unha importancia mundial. Entre eles están as Pirámides de Exipto ou a Gran Barreira de Coral australiana. O noso país xa conta con varios bens dentro desta listaxe: a Muralla de Lugo, o Camiño de Santiago Francés e a zona histórica de Santiago de Compostela.

A Consellaría de Cultura e Deporte vén de presentar de forma oficial as candidaturas da Torre de Hércules e do Ferrol da Ilustración para ampliar os bens galegos que contan con este recoñecemento. Cultura xa conseguiu no ano 2006 que estes dous bens formasen parte da listaxe de posibles candidaturas e agora elaborou un completo informe con abundante documentación que transmitiu ao Ministerio de Cultura, quen ten que enviar as candidaturas do estado español á Unesco. A Consellaría presenta as candidaturas galegas fronte ás máis de vinte que presentarán as restantes comunidades autónomas.

Único faro romano en activo

O principal punto forte da Torre de Hércules é que o único faro romano que segue en activo en todo o mundo. Se ben a súa cuberta exterior e o piso superior proceden dunha restauración de estilo neoclásico rematada no ano 1791, a Torre de Hércules mantén unha parte importante da construción romana orixinal. Esta pode verse en dúas partes: os alicerces e o interior. De feito, a cuberta exterior agocha o faro romano interior, perfectamente conservado e resgardado.

Desta forma a de Hércules supón un testemuño único das torres de sinalización marítima levantadas polas civilizacións da Antigüidade. Trátase dunha mostra da tecnoloxía marítima e das técnicas constructivas romanas, á vez que un vestixio da planificación da navegación a grande escala do Imperio Romano.

Símbolo da Ilustración

O Ferrol da Ilustración é un conxunto patrimonial histórico cunha unidade espacial que recolle a xeografía da ría de Ferrol, cunha unidade temporal do seus proxectos que comeza na segunda metade do século XVIII e prolónganse ata o XIX, e máis cunha unidade estética no seu estilo e tecnoloxía académicos. O seu esquema corresponde coa cidade portuaria ideal do clasicismo ao constar dun porto-arsenal, dunha área residencial e das construcións defensivas.

O FERROL DA ILUSTRACIÓN, CANDIDATO A PATRIMONIO DA HUMANIDADE

O Ferrol da Ilustración foi o punto de entrada do Academicismo en Galiza e así se reflicte no seu conxunto patrimonial histórico formado polos castelos defensivos da ría, o Arsenal Militar e Civil e un urbanismo único no país naquel entón. Ás máis de 50 construcións de arquitectura e enxeñerías portuarias e militares hai que engadir un gran patrimonio moble e documental da época. Ferrol constitúese como unha cidade produto da Ilustración que seguíu o esquema da **cidade portuaria ideal do clasicismo**, modelo que a singulariza para ser declarada **Patrimonio da Humanidade perante a UNESCO**.

Os bens do Ferrol da Ilustración constitúen unha obra mestra do Estado realizada polos primeiros académicos do século XVIII que conseguiron unir funcionalidade e ciencia na súa organización e nos seus modelos construtivos. Enxeñería, arquitectura e urbanismo fusiónanse seguindo as doutrinas das Academias de España e da Europa contemporánea para dar lugar á base naval do Departamento Marítimo do Norte de España. Así mesmo, o porto de Ferrol foi un **exemplo de integración da arte e da ciencia** mundial do século XVIII que soubo transmitir o seu modelo como porto exemplar ao Camiño Real Internacional.

Este patrimonio conforma polo tanto un testemuño único da cul-



«A área do Ferrol Ilustrado abarca toda a costa interior da Ría de Ferrol, Porto Civil, Porto Militar, Castelo de San Filipe, o da Nosa Señora da Palma, o de San Martiño e a zona defensiva na boca da ría».

tura portuaria do século XVIII como ben reflicten as novidosas construcións na época da dársena e dos diques de abrigo. A súa gran perfección académica a través do uso da xeometría e a física fan do porto de Ferrol un símbolo **da enxeñería e da arquitectura da Ilustración.**

DESCRICIÓN FÍSICA

A área do Ferrol Ilustrado abarca **toda a costa interior da Ría de Ferrol**, dende a praia de Doniños ata a punta de Redes, Ría de Ares. Abrangue un eixe operativo de 12 quilómetros e as súas principais obras realizáronse cunha marxe de corenta anos (1739-1779). Paralelamente, os mesmos enxeñeiros que trazaron as instalacións militares deseñaron os distintos barrios militares e civís da cidade**. O Arsenal Militar, declarado Ben de Interese Cultural** en 1994, conserva gran parte das construcións orixinais, complementadas por outras posteriores. Esta cidade pasou de ter poucos centos de habitantes e de ser unha vila mariñeira galega máis, a converterse na **base da Mariña de Guerra máis importante de Europa**.

PATRIMONIO CULTURAL

Ordenación do territorio: O planeamento urbanístico da cidade conta con plans e proxectos de todo o conxunto dende 1726 que abranguen os deseños para o porto civil e militar, para a nova urbe e as defensas.

Monumentos:

Porto Civil. É parte do deseño xeral da base naval que inclúe os peiraos, diques, estaleiros, almacéns, faros ou talleres de mantemento.

Porto Militar. Os Arsenais destacan polas súas formas rectangulares e polos segmentos que se rexen pola proporción do 'número áureo', construción caracterizada polo seu carácter funcional a través da racionalización do traballo. Este conxunto foi declarado Ben de Interese Cultural e aínda conserva en bo estado as súas cimentacións baixo a auga realizadas en cantería de granito. Tamén son salientables os diques, os peiraos e as dársenas.

Cidade: O urbanismo histórico de Ferrol baséase na ordenación de tres barrios: o barrio do Ferrol Vello, que destaca pola súa traza de sector circular, de orixe medieval e que aínda se conserva; a zona da Magdalena que está estructurada nunha retícula de seis rúas lonxitudinais e nove transversais con dúas prazas nos extremos, e que tamén está declarada BIC; e, por fin, o barrio de Esteiro que se compón dunha traza de tipo campamental. En canto á arquitectura residencial sublíñanse edificios como o Pazo da Capitanía, o Cuartel da Nosa Señora dos Dores para a Infantería de Mariña, así como as numerosas casas do século XVIII como o Ateneo ou a Intendencia da Mariña. Tamén forman parte da época outras construcións de carácter relixioso e as destinadas a servizos públicos como o Hospital da Caridade, o Obelisco de Churruca ou o Cemiterio Municipal.

Defensas: Os castelos-baterías e a praza fortificada constituían as defensas da cidade. O Castelo de San Filipe, declarado BIC, forma xunto co da Nosa Señora da Palma e o de San Martiño a zona defensiva na boca da ría, e continúan as baterías no anteporto de Cariño, en Prioriño e en Doniños, Ares e Redes. Outras construcións de tipo loxístico son os polvoríns dos Vispón e o Montón.

Patrimonio moble: Pinturas, gravados e esculturas, así como outros elementos decorativos, algúns deles xa expostos no Museo Naval da Armada compoñen as obras artísticas do Ferrol da Ilustración. En canto ás obras de enxeñería destacan as pezas inventariadas e expostas no citado Museo como armas e artillería dos buques. Así mesmo, tamén ten relevancia a compilación de canóns e áncoras expostas no Arsenal e no Museo Naval. Tamén conforman este importante patrimonio cultural os Libros da Biblioteca Xeral da Zona Marítima con fondos do século XVIII.

HISTORIA

Ferrol xorde como cidade da Ilustración en 1726, momento no que a Coroa decide instalar no lugar o Departamento Marítimo do Norte de España. Na segunda metade do século XVIII, Ferrol xa ten en funcionamento a Capitanía Xeral, a Intendencia e o Arsenal, ademais dunha reorganización urbana cun novo barrio, o da Magdalena.

Neste contexto desenvolveuse rapidamente a organización política e administrativa da Ilustración, que se instalou en Ferrol como un elemento cultural propio. Así mesmo a súa produción económica marcou o devir da cidade baseándose na creación de buques e industrias auxiliares. En canto á cultura, a literatura centrouse en publicacións técnicas e de análise política-económica, a música popular mesturaba o folclore do país coas cancións de ultramar e nas tradicións quedou a pegada relixiosa e militar, como a celebración da Semana Santa.

Na actualidade, esta cidade –produto da Ilustración– mantense en xeral nun bo estado con gran parte das súas construcións que conservan **o deseño e materiais do século XVIII** e que, aínda, continúan en uso.

O Ferrol da Ilustración aspira a ser Patrimonio da Humanidade, un recoñecemento que xa acadou no seu momento a muralla de Lugo ou mesmo a cidade de Santiago. E é que **esta cidade supera en tamaño e calidade a outros bens similares** xa declarados Patrimonio da Humanidade como son o Arsenal de Venecia (Italia), o de Suomenlina (Finlandia) e o de Karlskrona (Suecia). Esta candidatura que xa conta co apoio do Parlamento Galego, do Consello da Cultura Galega, e co interese do ICOMOS, saíu máis **reforzada coa instalación na cidade do Centro Internacional de Estudos sobre Fortificación**, creado grazas a un acordo entre o Concello e Icomos. Este órgano de documentación e organización terá as súas sedes no centro cultural Torrente Ballester e no castelo de San Filipe durante un período de tres anos, prorrogable outros tres.

DÍAS 9, 10 DE OUTUBRO E DÍAS 6, 7 DE NOVEMBRO
NO ATENEO FERROLÁN

"POBRE MUNDO RICO"
SIMPOSIO INTERNACIONAL SOBRE A POBREZA E A DESIGUALDADE NO MUNDO:

ORGANIZA CLUB INTERNACIONAL DE PRENSA

OUTUBRO



Día 9.- **Documental: "500 ALMAS"** de Joel Pizzin

Día 10.- **Mesa redonda: "ÁFRICA e AMÉRICA LATINA: Potencialmente ricos, oficialmente pobres"**. Participan: Erika González (OMAL Observatorio Multinacionais en América Latina), Arkaitz López Gorritxo (Paz y Solidariedad, Euskadi), Alejandro Quiñoá (Asamblea de Cooperación por la Paz, ACPP)

NOVEMBRO

Día 6.- **Documentais**
"FORUM SOCIAL MUNDIAL 2005" de Joaquim E. Palhares, Flávio Aguiar
"EL MUNDO DE HOY (VOCES CONTRA LA GLOBALIZACIÓN)" de Carlos Estevez

Día 7.- **Mesas debate**
ás 17 horas
"**Transnacionais enerxéticas: desenvolvemento ou destrucción**". Participan: Pedro Ramiro (OMAL - Observatorio Multinacionais de América Latina), Gemma Giner (Directora de marketing y RSC de Unión Fenosa)

ás 20 horas
Conferencia: "**Riqueza Pobreza y Ecologia**" por Marcos Arruda (Coordinador General del Instituto de Políticas Alternativas para el Cono Sur, PACS, Brasil)
Conferencia: "**Cómo la clase mundial de súper-ricos está destruyendo el planeta**" por Bernard Cassen (fundador de ATTAC e director Xeral de Le Monde Diplomatique)

III EXPOSICIÓN COLECTIVA DE ARTES PLÁSTICAS "PEQUENO FORMATO"

Estimados Socios/as :

Énos grato informalos que no mes de DECEMBRO de 2007 imos celebrar, nas salas do Ateneo Ferrolán, a III EXPOSICIÓN COLECTIVA DE ARTES PLÁSTICAS "PEQUENO FORMATO", só para socios e socias do Ateneo Ferrolán, na que podes participar con 1 ou 2 obras.

Para iso, debes enviar as obras antes do 30 de novembro, acompañadas dunha plica onde se sinale o nome do autor, enderezo, título da obra, así como o seu prezo si é que a desexas poñer á venda, a medida máxima da obra será de 55 x 50 cm. incluíndo o marco.

O expositor que venda a súa obra ABOARÁ ó Ateneo unha comisión do 10%. Os gastos que orixine a exposición como catálogo, copa de viño da inauguración,... correrá a cargo do Ateneo Ferrolán, excepto transportes e seguros.

As obras non adquiridas, deberán ser retiradas no prazo máximo dun mes, logo da clausura da exposición.

Agardamos a túa participación

VOCALÍA DE ARTES PLÁSTICAS
ATENEO FERROLÁN

MARTES DE CINE

OUTUBRO

PERCORRIDO POLO FESTIVAL SAN SEBASTIÁN

En setembro celebrouse o 55 Festival de Cine de San Sebastián polo que no mes de outubro (agás o día reservado para o Simposio "Pobre Mundo Rico") faremos un paseo polos filmes PREMIADOS en anteriores edicións, no seu comezo aló polo ano 1953 so se lle deron premios ao cine español.

As proxeccións terán lugar todos os MARTES ás 19 h. no salón de actos do Ateneo Ferrolán PRÉGASE PUNTUALIDADE

Día 2: ***VÉRTIGO*** **de Alfred Hitchcock (EEUU)**



PREMIO "CONCHA DE PLATA" en 1958
Intérpretes: James Stewart, Kim Novak, Bárbara Bel Geddes. **Sinopse:** Conta a historia dunha obsesión, dun amor apaixonado e enfermizo dun detective, retirado polo seu vértigo, por unha muller que cree estar posuída polo espírito da súa bisavoa.

Documental "*500 ALMAS*" de Joel Pizzin
Día 9 de outubro: **Brasil, 106 min.**

Día 16: ***UN LUGAR EN EL MUNDO*** **de Adolfo Aristarain (Arxentina)**
PREMIO "CONCHA DE ORO" en 1992
Interpretes: José Sacristán, Federico Luppi, Cecilia Roth, Leonnor Benedetto. **Sinopse:** Ernesto regresa ao pequeno pobo de Arxentina onde se estableceu cos seus pais Tralo seu exilio de España. Xunto a Nelda unha monxa nada convencional, embárcanse no empeño de mellorar as condicións de vida da comunidade, en base a uns ideais de igualdade e solidariedade.



DONOSTIA ZINEMALDIA
FESTIVAL DE SAN SEBASTIAN
55



Día 23: ***LA LEY DE LA CALLE*** *(Rumble Fish)* **de Francis Ford Coppola (EEUU)**
GRAN PREMIO DA CRÍTICA INTERNACIONAL en 1984 (Edición do Festival non competitiva)
Intérpretes: Matt Dillon, Mickey Rourke. **Sinopse:** Para converterse nunha lenda, ningún líder pode sobrevivir.





Día 30: ***EL ROSTRO IMPENETRABLE*** *(One-Eyed Jacks)* **de Marlon Brando (EEUU)**
PREMIO "CONCHA DE ORO" 1961
Intérpretes: Karl Malden, Katy Jurado, Marlon Brando. **Sinopse:** Traizoado polo seu amigo Dad, logo de atracar un banco, Johny so pensa na vinganza.

DOCUMENTAIS

NOVEMBRO

Día 6: **Documentais**

"*FORUM SOCIAL MUNDIAL 2005*"
de Joaquim E. Palhares, Flávio Aguiar
Brasil, 52 min.

"*EL MUNDO DE HOY*"
(VOCES CONTRA LA GLOBALIZACIÓN)"
de Carlos Estevez
España-TVE, 60 min.



VII XORNADAS DE CURTAMETRAXES 2007

Os días 26, 27 e 28 de decembro, levaranse a cabo no Ateneo Ferrolán ás

SÉTIMAS XORNADAS DE MOSTRA DE CURTAMETRAXES,

comezadas no ano 2001 con grande interese do público en xeral.

Facemos un chamamento a todas as persoas que queiran participar nestas xornadas, nos acheguen os seus traballos antes do día 30 de novembro para poder engadilas ao programa deste ano.
Admítense curtametraxes de ficción, de animación e documentais.



EXPOSICIÓNS:

Do 4 ao 16 de outubro:
Fotografías de **ALBERTE COUTO**

Do 18 ao 30 de outubro:
Fotografías de
VÍCTOR RIVERA JOVE/ ELOY TABOADA.

Do 2 ao 14 de novembro:
Pintura de **RAMIRO MARRODAN**

Do 16 ao 30 de novembro:
Pintura de **RICARDO PÉREZ RILO**

Decembro:
Exposición Pintura de
AGUSTIN RUIZ DE ALMODOVAR
(2ª Planta)

Do 13 de decembro ao 11 de xaneiro:
(Para socios e socias do Ateneo Ferrolán)
(1ª Planta):
IV EXPOSICIÓN PEQUENO FORMATO ARTES PLÁSTICAS.

EXPOSICIÓN PERMANENTE
FONDOS PROPIOS VARIOS ARTISTAS:

Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juana Prieto, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena, Luis Jaime, Spella Trobec, Luis Rapela, Alba Leal entre outros moitos

ATENCIÓN Ó NOVO HORARIO DE INVERNO

A partir do día 1 de OUTUBRO:

- OFICINA:
  De LUNS a VENRES – De 11 a 13,30 horas.
  De 17 a 21 horas.
- BIBLIOTECA:
  De MARTES A VENRES – De 17 a 21 horas.
  SÁBADOS – De 10,30 a 13,30 horas.



CLUB DE LECTURA


Tódolos primeiros
Martes de cada mes
2 de outubro
6 de novembro
4 de decembro
ás 19,30 horas

Encontros coa LECTURA. Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro nos locais do Ateneo.



Todos os **MÉRCORES** TERTULIA ás 18 horas.

Todos os últimos **XOVES** de cada mes
AMICOR ás 20 horas.



Todos os primeiros MÉRCORES DE CADA MES
ás 20 horas.

Encontros CIRPEN


(Encontros Filosóficos no Ateneo Ferrolán).

ÚLTIMOS SÁBADOS DE CADA MES
27 de outubro
24 de novembro
29 de decembro

A partires das 12 da mañá ate o remate.

SESIÓN VERMÚ con música en directo no Ateneo Organiza: Colectivo OPAII e ATENEO FERROLÁN.







A LITERATURA MUNDIAL ESCRITA EN GALEGO POR FERNANDO PÉREZ-BARREIRO NOLLA

Día da Traducción
o día 30 de setembro, este ano baixo o lema
"NON MATE A MENSAXEIRA"

Homenaxe ao traductor ferrolán FERNANDO PÉREZ-BARREIRO NOLLA: Primeiro traductor do chinés ao galego

O ferrolán Fernando Pérez-Barreiro Nolla naceu no 1931 e vive en Londres dende o 63. É licenciado en Dereito (Universidade de Santiago de Compostela), e BA (First Class Honours) en Lingua e Literatura Chinesas (Polytechnic of Central London).

A súa traxectoria sempre estivo ligada ás linguas internacionais como redactor, realizador e locutor dos Servizos Exteriores da BBC de Londres, como xefe dos Servizos de Tradución da Organización Internacional do Café (Londres) e como profesor de traducción nas Universidades de Westminster e Thames Valley.

Na actualidade é membro do Consello Asesor do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional) e correspondente da Real Academia Galega. Entre as súas publicacións destacan a relatorio «*Irlanda e as novas formas da vida internacional*», na I Conferencia anual Plácido Castro, «Plácido Castro e o problema político de Irlanda» (en Grial), a traducción de Shakespeare *A traxedia de Macbeth*, Flores e leña (Panorama e antoloxía de narracións chinesas contemporáneas), «A transliteración do chinés» (na revista «Viceversa» da Universidade de Vigo), *Breviario do pensamento clásico chinés* (na biblioteca virtual Bivir), e é coautor do Libro Branco da Acción Exterior de Galicia (Xunta de Galicia, 2004).

Foi a primeira persoa que traduciu do galego ao chinés e viceversa.



NOVAS DA RADIO FILISPIM

O Colectivo Opaíí!, encargado da súa coordinación, pretende coa presente comunicación a difusión da idea, dun xeito ben directo. É o noso deber, como medio comunitario que somos, ofrecer os espazos da nosa grella @s radio-apaixonad@s, e sobre todo, ós colectivos do noso ámbito de influencia. De aí que recibas o presente convite para participar activamente neste apaixonante proxecto radiofónico.

Se cadra, a vosa voz, as vosas inquedanzas, xa foron amplificadas polas «ondas filispinas» en pasadas programacións, polo que xa nos coñecedes. Mais, tamén queremos achegarnos aos colectivos veciñais, culturais, sociais… que aínda non formar parte do Colectivo Opaíí! e a propia Rádio FilispiM.

De todas vós, agardamos comunicación para poder concretar un primeiro contacto persoal e explicarvos, dende o propio estudo radiofónico de RFM, o noso funcionamento. Como sabedes, tanto o noso Colectivo como radio teñen sede no Ateneo Ferrolán, Rúa Magdalena, 202-204, Ferrol.

A nova programación de Radio FilispiM, 93.9 FM, está a piques de comezar! Apúntate dende xa!

Escríbenos a: filispina@gmail.com, enviándonos a túa proposta de programa radiofónico, ou pídenos máis información. Tamén podes consultar o noso bloque www.opaii.blogspot.com, para saber máis de nós.

O prazo para a recepción de solicitudes remata **o 31 de outubro de 2007.** Poren, de terdes interese, é hora de contactar con nós.

Saúdos e moi boa onda!

Colectivo Opaíí! – Asociación Cultural – Ferrol.

Rádio FilispiM
A rádio livre e comunitária da comarca de Trás-Ancos
No 93.9 da FM





PARÍS E A SÚA «NOITE BRANCA»



27 PLACE DE L'EUROPE
CHANTIER EUROPÉEN
75 artistes européens construisent une vision artistique et lumineuse de l'Europe
De 19h à 7h du matin, la nuit du 6 au 7 octobre 2007.
Place de l'Europe et rue de Madrid, autour du métro EUROPE .
Métros : Europe - Rome - Saint-Lazare - Liège
Bus : 66 - 80 - 95 - N 15 - N16 - N51 - N52









A iniciativa foi adoptada posteriormente por varias cidades máis, entre elas Roma, que a celebrou o 18 de setembro coa participación de dous millóns de persoas, Bruxelas, e Montreal. Atenas, Madrid e Barcelona pensan facelo proximamente.



A «Noite branca» de París foi creada en 2002.

O Concello de París decidiu dedicar á ex candidata presidencial colombiana Ingrid Betancourt a próxima edición da «Noite branca», o conxunto de actividades culturais e artísticas que se desenvolverán en numerosos lugares da cidade na noite do 6 ao 7 de outubro.

O alcalde de París, Bertrand Delanoë, presentou hoxe esa iniciativa lúdica e destinada á participación da cidadanía.

A dedicatoria simbólica é para Betancourt, secuestrada en febreiro de 2002 pola guerrilla das FARC e que é obxecto de múltiples e reiterados actos de solidariedade en toda Francia.

Fotografías da ex candidata aparecen en moitas fachadas de edificios oficiais en toda Francia, engadida a do Concello parisino, que coa dedicatoria pretende de novo chamar a atención sobre o problema dos reféns en poder da guerrilla colombiana.

A próxima «Noite branca» será a sexta edición desta iniciativa xurdida en París e que se estendeu por outras cidades europeas con éxito.

Ademais da apertura nocturna de museos e palacios, nesta ocasión haberá unha importante presenza de artistas na rúa, con cerca de catrocentos presentes en 110 lugares distintos da capital.

Música, teatro, vídeo, instalacións e cine experimental son algunhas das iniciativas presentes no programa deste ano, que confía en atraer a máis do millón e medio de persoas que participaron na edición de 2006.

Temos a honra de vernos representados polos artistas nados e afincados en Ferrol: Luís Rapela representando a España e a Spela Trovec representando ao seu país, Eslovenia.



XVII CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" ANO 2007

En Ferrol a 31 de agosto de 2007, no Teatro JOFRE de Ferrol, o XURADO cualificador do 17º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón", integrado por: Víctor Fernández Gabeiras, Xabier Rodríguez Fariñas, Pablo López Torneiro, Xoán Rodríguez Silvar, Xesús Vaamonde Manteiga e actuando como secretaria sen voto, Cristina Meizoso Alonso, unha vez escoitadas e valoradas a totalidade das pezas presentadas a esta final do Concurso, así como a interpretación de tódolos gaiteiros finalistas,...

Acordan outorgar dous accésit de 1.000 • cada un a:

DANIEL LUMBRERAS RODRÍGUEZ

PABLO DEVIGO VÁZQUEZ



Así mesmo, ACORDA por unanimidade, concederlle o PREMIO ÚNICO de 3.000 • deste 17º Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a

BRAIS MONXARDIN LOPEZ

O Xurado quere facer constar o importante nivel de calidade acadado por tódolos finalistas seleccionados para este Concurso de Gaita Galega na súa décimo sétima edición.

CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

En Ferrol no local do Ateneo Ferrolán, sito na rúa Magdalena, 202-204, o XURADO do XVII Concurso de Gaita Galega "CONSTANTINO BELLÓN", composto por: Víctor Fernández Gabeiras, Xesús Vaamonde Manteiga, Xavier Rodríguez Fariñas, Pablo López Torneiro, Xoán Rodríguez Silvar e actuando como secretaria, sen voto, Cristina Meizoso Alonso, reunido o día 8 de outubro de 2007 toman a seguinte **DECISIÓN:**

REVOGAR o PREMIO DE INTERPRETACIÓN DE GAITA GALEGA SOLISTA deste XVII Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" celebrado en Ferrol o día 31 de agosto de 2007 por:

UNHA FALTA AO ESPÍRITO DO CONCURSO e INCUMPRIMENTO DAS BASES DO MESMO.

Por todo o antedito, se declara DESERTO O PREMIO do XVII CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" do ano 2007.

En Ferrol a 8 de outubro de 2007

asdo) Víctor Fernández Gabeiras
Presidente do Xurado

asdo) Cristina Meizoso Alonso,
Secretaria



COMENTARIO DO XURADO: ... A ESENCIA DO CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

...os que tivemos a sorte de poder asistir á Final, aínda escoitamos un primeiro "la" interpretado por Brais Monxardín, realmente emocionante, i é que escoitar un efecto dinámico nunha gaita non deixa de ser sorprendente, sobre todo, cando se consigue gracias á presión, e coa axuda dun vibrato para controlar a afinación. Coido que ninguén pensaba que algo así podía resultar nunha gaita, xa que atenta contra un dos principios básicos deste instrumento: "O tempero".

COMUNICADO DE PRENSA DE BRAIS MONXARDÍN

(saúdos iniciais)

Este pasado verán tiven o orgullo e o privilexio de ser proclamado gañador do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón". Para un xoven gaiteiro coma min, este feito foi sen dúbida un grande estímulo e un claro recoñecemento da miña progresión como gaiteiro, e unha reafirmación da miña dedicación a un mundo, o da gaita galega, que require unha grande perseveranza e esforzo. Máis alá da dotación económica ou o premio en si, o que realmente apreciei foi o recoñecemento que a xente deste mundo me outorgaba.

Lamentablemente, unhas semanas máis tarde, o presidente do xurado púxose en contacto comigo para comunicarme que recibiran informacións que apuntaban a que a peza que eu compuxen e que interpretei xa fora tocada con anterioridade por min, e que iso significaba que non se me podía outorgar o premio.

Efectivamente, a peza en cuestión foi interpretada con anterioridade. Ese feito non me pareceu que contraviñese en modo algún as bases do concurso, xa que a obra non fora editada e foi composta para o Constantino Bellón, tal como estas requirían. Ese foi o meu erro, que estivo motivado por unha diferente interpretación das bases do concurso e con ausencia total de mala fe pola miña parte.

Este feito foi comprendido en todo momento polo xurado, que constatou que en puridade eu era e sigo sendo o gañador moral dun concurso que valora ante todo a interpretación da peza e o concepto de gaiteiro integral, que na opinión unánime do xurado mereceu tal distinción. Esta opinión do xurado foi respaldada en todo momento polos diferentes apoios que recibín de membros da comunidade da gaita galega, apoios que aproveito para agradecer de todo corazón.


Chegados a este punto, decidín que a mellor forma de salvagardar a miña integridade artística e alonxar calquera sombra de dúbida sobre a miña profesionalidade e boa fe era respaldar a decisión do xurado de declarar o premio como deserto.

Esta foi a opinión do xurado, que se viu na obriga de cumprir coa súa función de preservación da formalidade e a reputación dun concurso señeiro coma o Bellón, decisión que me consta non foi sinxela para eles, como tampouco foi sinxela nin doada para mín.

Espero que o meu comportamento nesta situación demostre a miña boa vontade e o meu respecto por este concurso e pola gaita galega, respecto que me consta que lamentablemente non foi compartido por algún que outro mal exemplo, que debería recordar que a envexa e a mezquindade non teñen lugar entre os que facemos deste instrumento a nosa vida, e non un medio para dar escape ós nosos complexos e miserias. O mundo da gaita galega está por riba de todos nós, especialmente de algúns.

Moitas grazas.

Brais Monxardín López



CONSTANTINO BELLÓN 2007

DE NOVO O BELLÓN

por Beatriz Picos

De novo o Jofre. Ao meu xuízo, o máis maxestoso marco para unha criatura que o próximo ano cumprirá a súa maioría de idade. Dúas xornadas de interpretación –a do premio de composición para gaita acompañada e a dos gaiteiros finalistas que compiten polo Bellón– nunha cidade que recibiu a patrimonialización, para o mundo, do instrumento galego por excelencia.

O Constantino Bellón volveu a demostrar a solidez da súa andaina coa participación das figuras e das novas promesas gaiteiras, dun rigoroso xurado, dun público familiar e entendido, e co recoñecemento ás persoas e entidades que conforman as tradicións deste instrumento e da cultura en que se desenvolve.

O Ateneo, cunha organización impecable, coida do material de exportación con maior valor engadido –a gaita– fóra e dentro das nosas fronteiras. Fóra, cos gaiteiros de Soutelo, cada vez mellores intérpretes, como o demostra que por segundo ano un destes mozos, vindos das comunidades galegas no exterior, obteña un recoñecemento (ata agora só accésits). Nesta edición levouno Daniel Lumbreras.

Dentro de Galicia, o Ateneo atesoura centenares de partituras compostas para o certame –"Danza do gato e o rato" foi a peza creada por Iván Costa, quen dirixiu aos finalistas no escenario durante a súa interpretación– e, desde hai cinco anos, non só de gaita solista, senón partituras con acompañamento. Orquestra, cuartetos, quintetos ou dúos con acordeón ou piano, como os que vivimos a véspera de San Ramón, afianzan a relevancia das galas. En conxunto –por importancia e contidos–, nada menores que as de ópera, danza, un concerto clásico ou moderno. Todos os bos espectáculos son poucos, pero algúns transgreden a barreira temporal para converterse en patrimonio. Como patrimonial é a elaboración de palletas –a alma da gaita–, que saen da mellor cana. E cal é a mellor cana? –A que se corta na baixante de xaneiro, responde o fillo e coherdeiro desta tradición construtora– da "gaita de ouro" deste ano: Rubén González López, ferreiro, de 82 primaveras. Geranio Torreiro, presidente, e a bandeira do Cantigas da Terra recibiron sendas "gaitas de prata" como recoñecemento ao traballo do coro desde 1916, non interrompido nin na Ditadura, como o do Toxos e Froles.

O eixo e motivo do Constantino Bellón non son os sete mil euros que reparte –esforzo económico importante para unha entidade cultural que conta con apoios os xustos– senón o prestixio que leva o gaiteiro gañador.

Pasaron os mellores intérpretes e seguirano facendo. Novas promesas como Pablo DeVigo, Ricardo Mouriño ou Raúl Lacilla poden formar parte dun palmarés glorioso con Iván Costa, o seu primeiro gañador no ano 91, Xesús e Pepe Vaamonde, Pablo López Torneiro, Oscar Miranda, Agustín Sánchez Iglesias ou Daniel Bellón. Tres veces levou o premio este fenómeno nacido na maternidade ferrolá pero de "folgos" feneses. Membro de varios experimentos musicais (Luvas Verdes- Vellón&Maceiras) só lle queda formar parte do xurado en futuras edicións –xa o fixo este ano noutros concursos– e seguir participando como invitado para que podamos gozar todos do seu bo facer e, sobre todo, da súa mestría de sentimentos sobre un escenario e non só nas aulas.

Esta mestría é a virtude necesaria para gañar o Bellón. Experimentárono Brais Monxardín e Pablo DeVigo. Os asombrosos 17 anos deste último e o apoio familiar que o rodea convérteno nun artista en potencia. Brillante a súa interpretación o día de San Ramón, pero falta da entrega con que nos deleitou a véspera, ao presentar a súa peza gañadora do premio de composición: "Troula para Constantino".

O lugués Monxardín, aos seus 25 anos e novato en concursos, levou ao público e ao xurado de rúa. Non é habitual esta coincidencia plena e espontánea, e unha adaptación dun clásico –a suite nº 3 de J.S. Bach (arranxos de Pepe Vaamonde)– fíxoo posible. Só os entendidos apreciaron a innovación técnica que supuxo e os demais démonos conta cando Monxardín repetiu a interpretación e o exceso de sentimento fracturou o dificilísimo equilibrio de potencias en palleta e pallón. De haberlle ocorrido na final, non tivese recibido o premio. Esa é a grandeza e, tamén, a dificultade do Constantino Bellón. Un premio ao que non se vén a gañar, como di o meu amigo Víctor.

SEN MULLERES.

Poucas foron as mulleres gaiteiras. Ningunha nesta edición. Por iso a presentadora sentíuse/sentín na obrigación de achegar á cota e, especialmente, demostrar o complicado de interpretar un instrumento tan simple e, con todo, tan tecnicamente complexo. Complexo como o carácter dos galegos.





PREMIO DE COMPOSICIÓN PARA GAITA GALEGA SOLISTA ANO 2007, POLA PARTITURA **FANTASÍA PARA GAITA E PIANO "TROULA PARA CONSTANTINO"**

PABLO DEVIGO VÁZQUEZ

por Pablo Devigo

Con 9 anos compuxen a miña primeira peza para gaita, unha alborada. Oito anos despois recibo o recoñecemento por esta faceta que me absorbe de cando en cando.

Dixo o xenio Salvador Dalí: ...*"que ditoso sería o día no que poida exteriorizar todo o que imaxinei, todo o que sentín e pensei en todo un ano de pensar, de ver, de ter que gardar e reprimir as miñas ansias creadoras"*. Son precisamente estas ansias as que me levaron a compoñer dende temperá idade, e a presentarme a este concurso.

"Troula para Constantino" nace co propósito claro de explorar as posibilidades técnicas da nosa gaita, sen deixar aparte ao piano, que non asume simplemente o papel acompañante senón que toma o relevo en varias ocasións do papel protagonista.

"Troula" é un percorrido pola historia da gaita galega; sendo esta o elemento unificador, o modo mixolidio característico das obras do século XVIII, como a "Muiñeira de Villanueva" do repertorio de D. Perfecto Feijoo, casa coa música tonal e as frases modulantes que permiten a gaita actual, coma se dun quebracabezas se tratase.

A muiñeira é o tema central desta fantasía, intercalada con interludios modais con aire de marcha triunfal que lle dan unha estructura circular a obra. Nos terreos máxicos da música os preludios gaiteirís tórnanse cadencia e series de sétimas, e o rouco non é unha simple nota pedal.

Tan só me queda agradecerlle á organización, o Ateneo Ferrolán, permitirme ser o fío condutor na estrea da miña obra e aos meus pais e o meu irmán pola súa entrega e paciencia. Por último quero dedicarlle a peza a D. Ricardo Courtier, compositor da Poboa de Trives, veciños da Terra de Caldelas de onde son eu.

Remataron as verbas, que comece a troula ...





Lembro a primeira vez que chegou a min unha partitura dunha obra para gaita-piano. Foi hai xa uns dez anos. Era a "Fantasía galega para gaita e piano" de Ernesto Campos.

Fomos quen de ensaiala e tras dela foron pasando máis pezas. Ao principio arranxos de pezas tradicionais e logo pezas e obras compostas xa para esta formación (gaita-piano). Dende aquela ata hoxe mudaron moito as cousas (para ben, por suposto).


En dez anos, traballouse neste tipo de composicións como non tiña acontecido en decenios de anos atrás. A edición "concreta" para este tipo de obras e instrumentos, apareceu por fin nas librerías do noso país. Hai que resaltar o esforzo editorial das empresas galegas e, sobre todo, de Dos Acordes, quen coa súa serie de "Cadernos de Gaita" está a cimentar os alicerces dun futuro que xa está consolidado. Tiven a sorte de acudir á presentación de algún destes cadernos e de estrear, xunto co gaiteiro e amigo Xesús Vaamonde, algunha das pezas que neles aparecen.

Asistín como espectadora a varios certames do "Constantino Bellón", e agora tócame acompañar co meu instrumento (o piano) a un gaiteiro-compositor con futuro, Pablo Devigo, na súa obra que resultou premiada este mesmo ano. Se ben é certo que resulta agradable ver como as cousas melloran, tamén é certo que somos uns privilexiados ao ser "espectadores e protagonistas" destes felices momentos que estamos a vivir. E mentres tanto a cousa vai rodando: xa temos a especialidade de Gaita no Conservatorio de Ferrol e os certames de Composición e Gaiteiros Solistas "do Vellón" son un fluír continuo de bós gaiteiros e compositores. Sigamos neste camiño, levando a bo porto esta iniciativa do Ateneo Ferrolán que lle fai honra a este Ferrol da Ilustración que chegará a ser Patrimonio da Humanidade.

Iria Hevia Gómez



Iria Hevia Gómez





17 CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

UNHA NOVA "DINÁMICA" NA GAITA GALEGA

por Pablo Torneiro

Se dende a súa primeira edición, o "Bellón" é unha plataforma única para que cada ano os gaiter@s expoñan as súas propostas, moito mais alá da obtención dun premio e as súas consecuencias mediáticas, coido que este ano foi un dos mais atrevidos que temos ouvido dende a xestación do concurso. De feito, a 17ª edición foi unha agradable sorpresa tanto pola súa calidade interpretativa como pola frescura e variedade de ideas presentadas.

Os que tivemos a sorte de poder asistir, aínda escoitamos un primeiro "la" interpretado por Brais Monxardín, realmente emocionante, e é que escoitar un efecto dinámico nunha gaita non deixa de ser sorprendente, sobre todo, cando se consigue grazas á presión, e coa axuda dun vibrato para controlar a afinación. Coido que ninguén pensaba que algo así podía resultar nunha gaita, xa que atenta contra un dos principios básicos deste instrumento: "O tempero".

Teño que confesar que pese ós meus prexuízos sobre as transcricións e/ou os arranxos de partituras, non me acordei en ningún momento de J.S.Bach.

Non obstante, considero que a transcrición sistemática de pezas que ten acontecido en moitos instrumentos, é unha mostra de pobreza de ideas, que espero non se repita na gaita. De feito un dos obxectivos básicos do "Constantino Bellón" é a xeración de novo repertorio para gaita galega.

Dentro dos recursos dinámicos "non habituais" empregados polos intérpretes desta edición, é de destacar o regulador reducindo o volume do punteiro, de Gonzalo Abelairas. Este elemento foi executado dun xeito sublime na peza "Noite Meiga", na que, ademais se incorpora o uso dos bordóns como elemento integrado nas composicións, cuestión que, día a día, resulta máis habitual no repertorio gaitístico.

Tamén foi moi destacable a limpeza na execución de Daniel Lumbreras, con saltos maiores que a oitava en "Prelúdio em lengua morta" de Paulo, ou as cadencias e secuencias de gran dificultade técnica de Pablo Devigo.

Outro dos puntos especialmente interesantes foron os temas compostos para o concurso. Gustaríame destacar que hai tempo que se impuxo a tendencia por parte dos gaiteiros participantes de recorrer a compositores de renome dentro do panorama gaitístico galego: Paulo, Ernesto Campos e Pedro Lamas, compositor por excelencia do "Constantino Bellón".



Pablo Torneiro

Creo que pola súa traxectoria, Pedro é, sen ningún tipo de "ironía", merecedor de ser a gaita de ouro máis nova que se entregue no concurso.

Facendo unha selección de todos os temas presentados, foron excepcionalmente bos os temas "Noite Meiga" de Gonzalo Abeleiras, "Alalá Nocturno" de Raúl Lacilla, "Muiñeira D" de Ernesto Campos, "Preludio en lingua morta ou sinergia total" de Paulo, e "Valse nº1" de Pedro Lamas.

A modo de conclusión, podo dicir que despois de moito tempo escoitando música de e para gaita, o 17 concurso "Constantino Bellón" foi unha verdadeira plataforma de expresión e interpretación de tendencias para a gaita galega "realmente innovadoras".

Barcelona a 17 de setembro de 2007







Distintos momentos do Concurso Constantino Bellón 2007





REFLEXIÓNS REFLEXIÓNS REFLEXIÓNS REFLEXIÓNS REFLEXIÓNS

por Eliseo Zaera Ríos

O Certame "Constantino Bellón" do ATENEO, si, do ATENEO FERROLÁN, non hai que darlle demasiada importancia, pero parece que *algúns* aínda non o saben, ou queren silencialo ....

Dezasete anos de Concurso son moitos, e os que faltan ... A dimensión acadada nas dúas últimas edicións, 2006 e 2007, sitúan este acontecemento musical, nun dos máis salientables referentes da composición e interpretación do noso instrumento emblemático. Polo menos así debemos consideralo, o consideran no mundo da gaita en xeral e deberían consideralo en certos medios e sobre todo en diversas instancias da vida cultural local.

Aínda quedan moitas mentalidades deformadas, malformadas e enquistadas que ao igual que con a "fala" (¡fala ben, neno!) seguen a considerar a gaita como un instrumento musical menor que non pasa do ámbito do rural e do folclore ... é máis, algúns aínda senten "vergoña allea" por un e outro medio de expresión da nosa idiosincrasia, a fala e a música.






Nunha análise sinxela e desapaixonada esas consideracións, non son máis que o reflexo da sociedade ou parte da sociedade que nos tocou vivir e que a estas alturas, a pesar das súas evidentes limitacións, culturais e persoais, teñen certa capacidade de influencia e transmisión do que consideran bo ou malo, amén doutras connotacións políticas, sociais, etc.. que determinan actitudes restrictivas para unha evolución lóxica e enriquecedora do noso tecido socio - cultural.

Obxectivamente, o nivel acadado pola gaita a través do Concurso "Constantino Bellón" nos últimos dous anos é merecedor dun tratamento de máximo acontecemento musical na vida cultural desta cidade. E neste sentido, facendo un esforzo de interpretación, tentando de ollar aspectos positivos onde sexa, quizás o feito de silenciar o nome do ATENEO nalgún medio de comunicación pode querer dicir que o Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" transcende a dimensión desta Entidade Cultural e hai que situalo na esfera da cidade ou incluso da nacionalidade. A gaita tradicional está a acadar unha dimensión de instrumento musical concertante a todos os niveis, sen complexos, con personalidade de seu e con recursos e posibilidades interpretativas e estéticas até o de agora descoñecidas. Pois ben, evento do máximo nivel musical, de FERROL, de GALICIA, do MUNDO, non é necesario citar ao ATENEO FERROLÁN, seguiremos traballando, seguiremos na nosa teima en prol da CULTURA.

E unha vez máis, a miña profunda admiración e agradecemento a esa magnífica interpretación da aria de J.S. BACH. que me transportou a 43 anos atrás no día do meu casamento.





ARTIGO 

A ILLA E MAR DA MAROLA

A ILLA E MAR DA MAROLA

por Juan J. Burgoa

En pleno Golfo Ártabro, na entrada da ría da Coruña, atópase a illa ou illote da Marola. Está situada fronte a Punta Pedrido e Punta Rasa, dentro da freguesía de Santa María de Dexo pertencente ao concello de Oleiros. Na quebrada costa de Dexo, preto das devanditas puntas e da illa da Marola atópase tamén a rechamante Punta do Seixo Branco, un cantil que debe o seu nome á abondosa veta de cuarzo a flor, visible a boa distancia e de característico brillo coa luz do sol.

A Marola é un irregular penedo ou promontorio rochoso, maiormente constituído de pedra de gra, case totalmente espido de vexetación, emerxendo do mar a pouca distancia da costa, escasamente a unha milla. A illa acolle una fauna formada por aves nidificantes como o corvo mariño cristado e a gaivota patiamarela e mamíferos como lontras e morcegos, mentres que gozan de merecida sona as sardiñas e as pescadas das súas augas. A pouco máis de 700 metros cara ao leste da Marola atópase unha pena máis pequena coñecida como O Marolete.

Di o refrán: "O que pasou a Marola, pasou a mar toda".

Tanto para Cornide de Saavedra na súa obra *Descripción circunstanciada de la Costa de Galicia* (ano 1764) como para Lucas Labrada na súa *Descripción económica del Reyno de Galicia* (ano 1802) o devandito accidente xeográfico vén definido co nome de Pena da Marola. Para o primeiro dos ilustrados trátase dun "escollo grande y peligroso, donde zozobran muchas embarcaciones y el único mal paso para los buques que cruzan continuamente de La Coruña y Betanzos al Ferrol".

Pola súa situación é un punto de encontro e confluencia das correntes mariñas oceánicas e as das rías da Coruña, Ferrol e Ares, dando lugar, pola súa configuración xeográfica, a un mar normalmente moi batido e que en determinadas circunstancias de vento, chega incluso a ser arborada, o que xustifica a sona popular que se reflicte en abondosos refráns e ditos populares como aquel tan coñecido que di: "O que pasou a Marola, pasou a mar toda".

Mentres que a verba Marola vén a ter un similar significado nos idiomas galego e castelán, "movemento ou estado de axitación das ondas do mar", o *Diccionario de fraseoloxía galega*, editado en Santiago o ano 1991, recolle a frase aínda hoxe utilizada "Has de ir ao mar da Marola" que quere dicir "Aínda que poñas interese, hache de custar traballo".

Pero tamén no campo da canción popular aparece recollido de xeito profuso este topónimo. A publicación *Colección de Cantares Gallegos*, que José Casal e Lois recompilou no ano 1865 inclúe a seguinte cantiga:

Rema, barqueiriño, rema,
bótame d´esta mar fora,
que me dí mêu corazón
qu´hei de morrer n-a Marola.

Outra serie de coplas populares cantan á Marola, que foi de sempre motivo de inspiración e obxecto de atención popular pola bravura con que a bate a marusía. Diversas variantes dunha cantiga referente á mesma aparecen recompiladas por Carmen Hermida na súa obra *Polo mar abaixo vai ....* , publicada no ano 2003:

Pasei a mar da Marola,
ferrolana por te ver,
paseina de madrugada
a piques de me perder.

Moreniña por te ver
pasei a mar da Marola,
moreniña por te ver
pasaría eu a mar toda.

Pasei a mar da Marola,
moreniña por te ver,
pola pena da Marola,
a piques de me perder.

Moreniña por te ver
pasei a mar da Marola,
arrisquei a miña vida
a piques de eu morrer

Pasei a mar da Marola,
¡adeus, miña queridiña¡,
polas illas de Sisargas,
¡como si nunca te vira¡

Tamén o mundo musical adicoulle a súa ollada á illa coruñesa. “Os Diplomáticos de Monte Alto”, grupo coruñés de música rock recentemente desaparecido, tiñan no seu repertorio a canción titulada Marola na que dicían:

¿Onde está a Maroliña,
onde estás que te quero ver?
Avante toda, co mar ás costas,
Marola de meu querer.

Do mesmo xeito os poetas galegos cantaron a este accidente xeográfico que a tradición mariñeira converteu en lugar temible. Curros Enríquez, o poeta de Celanova, canta á illa da Marola na súa patriótica e combativa composición que titulou “En corso”:

Mariñeiros da Marola,
de illas Cíes e do Orzán,
remendade ben as velas,
dáille sebo ás cordas xa;



Ilustración 1. Baía e porto da Coruña, carta náutica do ano 1764

reparade as vellas redes,
os coitelos afiai,
i aprestaivos, mariñeiros,
pola patria a mariñar.

Mariñeiros da Marola,
de illas Cíes e do Orzán,
non seredes mariñeiros
si temedes hoxe o mar;
unha forca en cada verga,
na cintura un bon puñal,
no temón un brazo forte
i a bogar, bogar, bogar ....

María Mariño, a poeta noiesa recentemente galardoada co premio do Día das Letras Galegas, durante a súa estancia de verán na Coruña adicoulle un dos seus derradeiros poemas:

Crucei o mar da Marola e faloume no seu son,
faloume aberto en voz sonora
e ritmo forte.

Cando de soia me erguín crucei o mar
da Marola. Eran as ondas, enteiras, duras e longas,
era a súa espuma loita. Non tiña medo do vento.
Mar sin marea que trocara súa ronda.

Unha nova referencia ao mar de fondo da Marola aparece nun poema que adicou a Esmelle no pregón da primeira romaría castrexa o escritor Xosé M. Pose Mesura, que escribe no ano 2002:

Pasei o mar da Marola,
lixeiro para quererte,
Montecelo, Prioriño,
Doniños en donde ferven
asulaugados segredos.

O ronco son do axitado mar da Marola inspirou tamén a varios poetas no idioma castelán. Unha longa composición poética titulada “El rey del Lago”, publicada polo escritor e militar ferrolán Domingo Díaz de Robles no ano 1861 no número 16 da publicación *Galicia, revista universal de este Reino*, refírese a “las Marolas”, englobando o conxunto formado pola propia illa, o illote do Marolete e os aguillóns adxacentes. O tamén historiador ferrolán Benito Vicetto publicou unha expresiva poesía titulada “La peña de la Marola” no ano 1833 no número 13 da *Revista Galaica*, na que di:


«Mariñeiros da Marola,

de illas Cíes
e do Orzán,

non seredes
mariñeiros

si temedes hoxe
o mar; ...»

Curros Enríquez



«A pesar da sona do perigo que sempre tiveron as augas da Marola non foron moitos os naufraxios e accidentes rexistrados nas súas inmediacións».


Negro peñasco que elevas
tu frente sobre las ondas,
sin que ni un día la escondas
en los abismos del mar;
fragmento de la osamenta
de esta tierra en que nacimos,
inmóvil peñón que vimos
siempre altivo, siempre igual.

Gigante de dura roca
que el vendaval rebramante
por más que agite anhelante
la inmensidad sobre tí,
tú respondes al combate
con tu imponente fijeza,
elevando tu cabeza
como buscando el cenit.

Ademais de denominarse así unha rúa do tradicional barrio ferrolán de Canido e outra pertencente ao barrio coruñés de Monte Alto, Marola é tamén un sonoro nome feminino. Chámase así a atractiva moza protagonista da zarzuela *La Tabernera del Puerto*, a emblemática obra que compuxo Pablo Sorozábal no ano 1936. Así mesmo *Marola* é o título dun drama de reinvidicación galeguista que Ramón Suárez Picallo, emigrante e político natural do concello de Sada, estreou con música de Exidio Paz no Teatro Mayo de Bos Aires no ano 1925.

A pesar da sona do perigo que sempre tiveron as augas da Marola non foron moitos os naufraxios e accidentes rexistrados nas súas inmediacións. Non obstante, tivo gran resonancia a morte por afogamento preto das augas da Marola en xuño de 1935 de Teodoro Morgade, poeta nacionalista nado en Baio, que finou aínda mozo con vinte anos de idade, nunha prematura morte como as de Manoel Antonio e Amado Carballo, tamén cantores do mar de Fisterra como Morgade.

Ilustración 2. "La pena de la Marola", gravado do ano 1883



Farallón branqueado pola escuma mariña, A Marola e as súas augas adxacentes foron sempre un paso difícil para a navegación, onde recibían o primeiro golpe de mar os emigrantes que marchaban a América e o último os pesqueiros que viñan de volta do Gran Sol. Tamén as dornas arborando as súas velas ao tercio e os vapores de viaxeiros que facían a ruta da Coruña a Ferrol e a Mera estiveron sometidos aos embates das encrespado ondas.

A illa da Marola recibiu a atención nas súas crónicas de moitos escritores e viaxeiros. Este foi o caso do militar e presunto espía inglés William Dalrymple que embarcou na Coruña nun barco de pasaxe cara a Ferrol. No seu libro *Viaje por España y Portugal o ano 1774* describe así o seu paso polas proximidades da Marola: "Embarqué en un barco de pasaje para Ferrol: iba en compañía de un sacerdote, un médico, un cadete, un soldado, un tambor, un majo y dos mujeres ... En la bahía de Betanzos hay una roca a cosa de una milla de la orilla que no podíamos doblar; los marineros decidieron doblarla por la parte de tierra; el pasaje, al oir la decisión, comenzó a clamar contra la medida ... Cuando llegamos a la roca, que tenía el peor de los aspectos, las olas nos sacudían y nos hacían rodar ...". Finalmente o barco que conducía ao escritor inglés arribou ao porto de Ferrol.

No de 1797 nunha exposición que o ilustrado ferrolán Caamaño y Pardo dirixiu a Manuel de Godoy, o Príncipe da Paz, defendendo a habilitación comercial do porto ferrolán, referíase á viaxe de transporte de mercadorías entre Ferrol e A Coruña: "Cuya travesía es muy temible por ser la costa brava, el choque y encuentro de rías y vientos impetuosos, tanto que los prácticos tiemblan este corto pasaje más que otros viajes más largos; y en un medio hay un baxío que llaman La Marola, cuyos peligros lo explica con énfasis un proverbio vulgar: el que pasa la Marola, pasa la mar toda".

Dentro da visita que realizou a Galicia, no ano 1836, George Borrow fixo a travesía por mar desde A Coruña a Ferrol. Aínda que non cita expresamente a illa da Marola, o seu paso polas proximidades da mesma parécese desprender do que deixou escrito no seu libro de viaxes *La Biblia en España* o autor inglés: "Me mareé mucho en la travesía y tuve que ir echado, casi sin sentido, en el fondo de la pequeña lancha en que me embarqué, abarrotada de gente. El viento era contrario y la marejada muy fuerte. No pudimos izar la bandera;

cuatro o cinco marinerotes nos llevaron a remo y en todo el tiempo no cesaron de cantar canciones gallegas".

Como lembra o historiador Guillermo Llorca na súa obra *Ferroláns en Cuba*, o escritor e periodista emigrado á illa caribeña Álvaro de la Iglesia publicou no ano 1886 na revista cubana *Galicia Moderna* un artigo titulado "La Marola" onde escribiu: "Allí está. Álzase magnífica e imponente cual centinela avanzado de nuestro litoral, frente a la punta de la Coitelada y entre las rías de Ares y Coruña, negra y altiva, rugiendo siempre y siempre en lucha con aquel mar nunca en calma, impotente para humillar su cabeza" ... "Desde afuera, aseméjase á inexpugnable baluarte situado al abrigo del acantilado del Seijo Blanco. Desde la costa parece gigantesca ballena muerta á merced de las olas, á cuyo lado cruza el diminuto vapor del Ferrol como gallardo cisne".

No ano de 1893 a cidade da Coruña foi a etapa final do periplo realizado polo viaxeiro vasco Becerro de Bengoa que desde o peirao do Parrote descubre o amplo panorama da entrada do porto e da ría coruñesa, escribindo que "las avanzadas puntas del Bufadoiro y del Seixo ocultan a la famosa Peña Marola,

... solitario de granito,
vestido de blanca espuma,
destacado entre la bruma
que le envuelve sin cesar ..."

Tamén o escritor e periodista coruñés Wenceslao Fernández Flórez no ano 1918 dentro da súa serie de crónicas parlamentarias que publicou no diario *ABC* co título de "Acotaciones de un oyente", ao falaren do deputado ferrolán García Valerio e das súas continuadas viaxes no vapor da Coruña a Ferrol e viceversa escribe: "Durante muchos días se vio obligado a abandonar su dulce retiro de Serantes y pasar la Marola –donde los vientos del Sudoeste alzan oleadas furiosas–, sobre la cubierta de un pequeño vapor que le transportaba a La Coruña".

Noutro libro de viaxes, *A través de Galicia (crónicas y paisajes)* de Daniel Martínez Ferrando, editado no ano 1922 en Barcelona con prólogo de Antón Villar Ponte, pódese ler: "Poco a poco queda la costa envuelta en una bruma ligera; el sol, oculto, dibuja una línea de plata en lontananza, y en los montes brumosos, lagos de luz dorada. ... En el viento impetuoso hay como un grito de lucha. La embarcación es juguete del oleaje: nadie pasea por la cubierta y en algunos pasajeros se advierten síntomas de mareo".



Ilustración 3. "A Marola, cadro de Ánxeles Penas


Non podía fallar nesta lista o escritor ferrolán Torrente Ballester. Na súa obra *Dafne y ensueños* refírese aos vapores Marqués de Amboage e Mosquito que facían a travesía entre Ferrol e A Coruña, escribindo que "La Marola es una peña que emerge más o menos en un lugar donde las corrientes se juntan y arman un buen remolino. Decían quienes lo vieron, que yo no fui en él jamás, que el barquito, en cuanto abandonaba la ría empezaba a bailar, y no lo dejaba hasta enfilar el castillo de San Antón".

Unha das máis antigas representacións cartográficas onde aparece a illa da Marola é unha carta náutica da colección Martínez-Barbeito, hoxe no Arquivo do Reino de Galicia. Trátase da titulada "Plan de la baye et port de La Corogne", precioso gravado en cobre coloreado a man, impreso en París no ano 1764 con toponimia no idioma francés. Na devandita carta aparecen dous illotes xuntos e rotulados como Roches de la Marola e na costa a Pointe de Monte Branco.

Para rematar, no que atinxe ás representacións gráficas desta coñecida illa pódese salientar un gravado de Antonio de Caula do ano 1883 titulado "La peña de la Marola" na que aparece o devandito penedo arrodeado dun encrespado mar, mentres aparecen en primeiro termo un pequeno vapor e dúas barcas despregando ao vento as súas velas latinas. Tamén cómpre citar un cadro do ano 1998 da pintora e poeta coruñesa Ánxeles Penas, autora dunhas mariñas de estilo moi persoal. A súa obra "A Marola" pódese incluír dentro da nova figuración, dando a impresión que a illa é un cetáceo que emerxe das augas entre a néboa.



«Nunha carta náutica francesa do ano 1764, xa aparecen dous illotes xuntos e rotulados como *Roches de la Marola* e na costa a *Pointe de Monte Branco*».



XUNTA DIRECTIVA DE LA AIFA EN ASUNCIÓN (PARAGUAI)



28 DE XULLO DE 2007

No marco do 124º aniversario da Fundación do ATENEO PARAGUAIO, celebrouse o pasado día 28 de xullo en ASUNCIÓN a Reunión Anual da Xunta Directiva de AIFA (Asociación Iberoamericana e Filipina de Ateneos).

O ATENEO FERROLÁN que exerce a Vicepresidencia Primeira desta entidade internacional estivo representada polo seu Presidente Eliseo Zaera Ríos.

Dentro dos acordos salientables da reunión debemos destacar a publicación da primeira Revista desta Asociación Internacional que se difundirá no derradeiro trimestre deste ano 2007 baixo o título ***AIFA, nº 1. Revista dos Ateneos do Mundo.***

Tamén son de destacar as actividades, recepcións e agasallos que o Ateneo Paraguaio ofreceu aos 15 representantes de Ateneos de España e Iberoamérica.

Dos actos organizados citaremos a Cea Aniversario do Ateneo Paraguaio celebrada no espléndido marco do Hotel Paraguai (Salón de la Residenta), a exhibición do filme histórico “CERRO CORÁ” con coloquio posterior no Teatro do Centro Cultural Borges da Embaixada Arxentina, o Concerto de cello e piano no Teatro Jobim da Embaixada do Brasil, a cargo de EDWARD STONE (cello), membro da directiva do Ateneo e Silian Diez Sérrano (piano), ambos os dous profesores do Grupo de Música da Entidade. Por último as actividades externas como a visita guiada a ASUNCIÓN e a excursión as Cataratas de IGUAZÚ na fronteira con BRASIL, supuxeron un broche de ouro e un encontro inesquecible.





DIARIO ABC Asunción Sábado 28 de julio de 2007

LA INTEGRACION CULTURAL

Reunión de ateneos de América y España



Manuel Martínez y ateneos españoles: José Luis Martínez (presidente de la AIFA), María Paz Pedroche y Eliseo Zaera.

El Ateneo Paraguayo es el anfitrión de la reunión de la Junta Directiva de la Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos (AIFA), que se realiza este fin de semana, con la presencia de “atenienses” provenientes de España y varios países latinoamericanos.

Esta reunión se realiza en el marco del 124° aniversario de fundación del Ateneo Paraguayo. El Correo Paraguayo ha emitido un matasellos conmemorativo.

La intención de esta reunión es estrechar lazos culturales entre los ateneos de los países iberoamericanos. La reunión cuenta con la participación del presidente de la Asociación de Ateneos y titular del Ateneo Jovellanos de Gijón, José Luis Martínez; y representantes de ateneos de México, República Dominicana, Chile, Venezuela, Uruguay y de otras ciudades españolas como Madrid y Ferriol.

Para esta noche está programada la cena de aniversario del Ateneo en el Gran Hotel del Paraguay (Washington y De la Residenta), a partir de las 20:30.

En homenaje a los visitantes, para mañana se ha programado la exhibición de la película “Cerro Corá”, a las 15:00, en el auditorio Leopoldo Marechal, de la Embajada Argentina. Luego habrá un conversatorio con historiadores, moderado por la doctora Amelia Piquero. También mañana, a las 20:00, habrá un concierto de la pianista Lilian Diez y el cellista Edward Stone, en el teatro Tom Jobim (Eligio Ayala y Perú). Acceso gratuito.

Escollo a pretérita imaxe
A escena central na que
a integración parece posible
Denantes da insurrección dos apoucados
ataviados de vítimas
Non, non quero aparecer de figurante
no acto traumático, transgresor
adaptado para o cine
Si, xa sei que é perfectamente crible
a maquillaxe logra transmitir todo o
dramatismo
Mais non sinto ningún desexo de
permanencia
no decorado onde o estilista
fai unha creación inicua
na que os elementos representan
impunemente un falso altruísmo
Voume coa miña historia a outra parte
Poida que me exprese na rúa
Alí, inmigrante na propia terra
tecerei un estandarte
para enxugar as bágoas
e saír en procesión no día dos
Cristos

Cruz Martínez Vilas

UN ESPELLO, UN ECO

Fixo ante min
o berro distorsionado
duns soños eléctricos
que non deixan durmir
coma un cristal botado ao chan
ou a antiga foto
dende onde baixo un fondo informe,
case etéreo, unidireccional
o camiño central do labirinto,
emerxe.
O eco…
coma o fillo que fala
e sinte a unión do rostro-nai-espello
cando o embigo do mundo
racha calquer ceo,
o que traspasa as sábanas
de brancos novos
que fan acenos no vento, sinais de fume negro.
neses intres
Quixera ser gota de choiva
non nos ollos dun neno
non na estela de amor ferida polo medo
senon ser aquela pinga,
feita case xeo
que se esnaquiza
e se converte nun pó desértico
sempre resurxinte
temporal coma reloxo de area
en medio do sol-inferno
ao que sempre se descende
como vixía do abismo
ou sombra da caverna
sumerxida en auga salgada
que bate as súas ás na terra.

Arantxa Serantes



"Para el CHE"

Con tantas armas,
con tanto sufrimiento
con tantas balas que dispararon sobre tu cuerpo
¡Oh Ernesto!
también ésta vez tu muerte es mentira.

Los que entierran a toda prisa,
los que con una cínica sonrosa en los labios
se limpian las manos con tu bandera,
-»*se acabó, el mundo es nuestro*»-
son malhechores, gente de oscuro corazón
principiantas, incultos.

Tu vivirás mientras la injusticia persista
y la pólvora es útil;
tu estas en el jubilo de los valientes,
entre los murmullos
de las muchachas de las montañas;
en la poesía, en el vino
y en el combate tu sigues vivo.

El cantor pasó, pero sus melodías
florecen en las faldas de los montes.
Los soles tenebrosos
se levantarán algún día
de las oscuras trincheras de las sombras.

Un hombre y un fusil;
un hombre y una mochila de pan y orgullo.
Libre, eres fuerte.
Un día, en el ministro cubano;
otro, sangrando
en las montañas de Bolivia,
lejos de hogar, lejos de los amigos.

¡Oh, tigre de las alturas!
¡águila de las cumbres!
Lograste la admiración de los pueblos
y mereciste tan alta muerte.

¡Oh, gran esperanza!
Ahora que la muerte te lleva en su corcel,
triunfante,
veloz,
si no hallas tu lejano sueño,
busca en nuestros corazones,
fuego,
hierro
furia. Mira nuestros pechos: late otro Vietnam.
1967

Siawosh Kasraí



Tono da Graña: In Memoriam



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org